


A ESCOLA

MARAVILLOSA

Nunha fermosa aldea, rodeada de montañas e bosques, vivían dúas nenas moi amigas. Tódolos días brincaban e percorrían os campos, camiños e ríos da súa aldea en busca de aventuras.

Estas nenas chamábanse Heidi e Pipi. Heidi ía sempre á escola, alí aprendía moitas cousas, tiña moitos amigos e divertíase cada día. A escola era o seu lugar preferido.



En cambio, Pipi non quería saber nada da escola, non lle gustaba aprender nin traballar. Só quería andar libre facendo falcatrúadas todo o día.



Unha tarde de primavera as dúas amigas foron ao bosque a xogar, alí viron como as flores cubrían o chan, as árbores xa tiñan follas e os paxariños cantaban nas árbores.

Estaban moi entretidas observando a natureza cando de súpeto..., apareceu voando polo aire unha muller moi alegre que apoiándose no seu paraugas cantaba cancións moi bonitas.



Heidi púxose moi contenta, recoñeceuna deseguido: Era a súa mestra Meripopin que lle ensinaba tantas cousas na escola!. Pipi non saía do seu asombro, e pensaba para si porqué ela non coñecía a esa muller tan fantástica.

Meripopin detívose, baixou ao chan e púxose a conversar coas dúas nenas. Contoulle historias maravillosas como as que lle contaba a Heidi e aos seus compañeiros e compañeiras tódolos días na escola.

A Pipi entráronlle gañas de saber e escoitar máis veces a esa mestra tan divertida. Prometeu que desde aquel día iría á escola.

E así foi, desde aquela, Pipi sempre acompaña a Heidi á escola e non falta xamais. Pórtase moi ben e ten moitos amigos e amigas . Decatouse de que a escola é un lugar alegre e maravilloso.

Texto elaborado polos nenos e nenas de 1º A (6-7 anos) do CEIP FRIAN -TEIS de Vigo.